
OSIÑO

Texto de **ELSE HOLMELUND MINARIK**

Ilustracións de **MAURICE SENDAK**

Tradución de **SANDRA** e **ÓSCAR SENRA GÓMEZ**

Encadernado en cartón. 15 x 23 cm. 64 páx. 12 €.

ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK

Osiño (galego)

ISBN 978-84-8464-866-6. Tras os montes.

Osito (castelán)

ISBN 978-84-8464-865-9. Libros para soñar.

El petit Ós (catalán)

ISBN 978-84-8464-867-3. Llibres per a somniar.

Hartz Txiki (eúscaro)

ISBN 978-84-7681-827-5. Kalandraka-Pamiela.

Urso Pequeno (portugués)

ISBN 978-989-749-022-4. Livros para sonhar.

Vai moito frío. E neva moito.

–Mamá Osa, teño frío. Hai moita neve.


Quero algo para abrigarme –dixo Osiño.

“Osiño” é o primeiro título dunha serie formada por seis volumes protagonizados por unha familia de osos moi coñecida por lectores de todo o mundo, xa que publicáronse millóns de exemplares das súas historias, que en 1995 foron adaptadas para a televisión.

Esta obra data de 1957 e está formada por catro relatos breves sobre aspectos da vida cotiá destes animais humanizados cheos de simpatía e de encanto. Mamá Osa, sempre atenta a Osiño, abrigao do frío, sorpréndeo cunha torta polo seu cumpreanos, faille broma cando se empeña en ir á lúa e cóntalle un conto moi especial antes de durmir.

Son relatos sinxelos de estrutura dialogada, acaídos para ser lidos e tamén contados, porque invitan á participación do público infantil con rimas, frases y fórmulas que se poden repetir.

Maurice Sendak ilustrou os cinco primeiros títulos da serie “Osiño” cun estilo inspirado nos gravados antigos, a tres ou a catro tintas. Os seus personaxes expresivos, representacións do fogar e escenas imaxinarias, transmiten tenrura e cercanía.



-
- **Temática:** libro de relatos breves.
 - **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
 - **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador da triloxía “Onde viven os monstros”, “Na cociña de noite” e “Máis alá da fiestra”, entre outros; primeiro título da serie “Osiño”; fogar, vida cotiá, relación nai-fillo.
-

Else Holmelund Minarik

(Dinamarca, 1920 - Estados Unidos, 2012)

Emigrou aos Estados Unidos coa súa familia cando tiña catro anos. Estudou Psicoloxía e Arte na Universidade de Nova York. Traballou como xornalista e profesora. Autora da serie “Osiño” e doutros libros de Literatura Infantil e Xuvenil.

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo na Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
